

NOTIFICACIÓN

Expediente	2022033150	Subvencións
Asunto	CONVOCATORIA PÚBLICA DE SUBVENCIÓNS PARA A PROMOCIÓN E FOMENTO DA CULTURA DENDE AS ASOCIACIÓNS CULTURAIAS DE FERROL PARA O ANO 2022/CONVOCATORIA PÚBLICA DE SUBVENCIÓNS	

O concelleiro delegado da Área de Cultura, Educación, Universidade, Deportes e Festas aprobou o día 21.12.2022 a seguinte resolución:

“Examinouse o informe proposta elaborado polo Negociado de Promoción Cultural con data 20.12.2022 e que literalmente di:

“O Pleno do Concello en sesión realizada o día 29 de setembro de 2022, adoptou o acordo de aprobación das Bases reguladoras do programa de subvencións para a promoción e fomento da cultura dende as asociacións culturais de Ferrol para o ano 2022.

Con data 05.10.2022 estas bases foron publicada no BOP nº 165

Con data 28.10.2022 publicouse no citado Boletín a convocatoria.

Durante o prazo establecido no punto 6 da convocatoria presentáronse un total de 8 solicitudes.

Con data 30.11.2022 emite informe o Técnico de Cultura en relación á avaliación dos proxectos presentados polas Asociacións Culturais á Convocatoria de Subvencións 2022, tendo éste o seguinte contido:

“.....Consideracións previas

O Concello de Ferrol publicou o 5 de outubro de 2022 no Boletín Oficial da Provincia da Coruña a convocatoria pública do programa de subvencións para a promoción e fomento da cultura desde as asociacións culturais de Ferrol para o ano 2022. Dentro do prazo indicado para a presentación de solicitudes recibíronse un total de 7 propostas, a cargo das seguintes entidades: Real Coro Toxos e Froles, Club de Prensa de Ferrol, Asociación de Persoas Xordas de Ferrolterra, Asociación Musical Sonsdodía, Asociación Sociocultural Muíño do Vento, Organización Juvenil Española, Asociación Sociocultural ASCM e Sociedade Cultural Columba.

Avaliación dos proxectos presentados

Unha vez revisados todos os proxectos, e seguindo os criterios de avaliación das solicitudes recollidos nas bases da convocatoria, o Técnico de Cultura do Concello de Ferrol propón a seguinte puntuación en detalle para cada unha das solicitudes:

CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ENTIDADES							
	TOXOS	PRENSA	APXF	SONS	MUÍÑO	OJE	ASCM	COLUMBA
Interese das actividades, coherencia técnica do proxecto e congruencia entre a programación e os obxectivos da convocatoria (20)	20	20	20	20	20	20	20	20
Nivel de cobertura poboacional e interese social da iniciativa (10)	10	10	10	5	10	5	10	10
Nivel de representatividade da asociación no seu territorio ou sector (5)	5	5	5	3	5	3	5	5
Grao de innovación do proxecto e déficit de actividades análogas no municipio (10)	5	5	5	5	5	5	3	5
Capacidade de autoxestión da entidade e nivel de financiamento propio no seo do proxecto (5)	3	3	3	3	3	5	3	3
Nivel de sostibilidade do proxecto no tempo (15)	15	15	15	15	15	15	15	15
Nivel de colaboración con outras entidades cidadás ou axentes sociais na execución do proxecto (10)	5	5	10	5	10	5	X	X
Intercambio e participación activa das persoas socias para a execución do proxecto (5)	5	X	5	X	5	5	5	X
Promoción da participación cidadá e dinamización comunitaria (5)	X	X	5	X	5	X	5	X
Perspectiva de xénero na formulación do proxecto e na difusión de resultados (5)	X	X	2,5	X	5	X	X	X
Ambito poboacional ó que vai dirixido o proxecto (5)	5	5	5	5	5	5	5	5
Promoción da extensión social da lingua galega ou do proceso de normalización lingüística como obxectivo de proxecto (2,5)	1	1	1	1	2,5	1	1	1
Existencia de documentación oficial da entidade (estatutos, proxectos, orzamentos, certificados), así como documentos habituais de comunicación da asociación (actas, publicidade, circulares, etc.) en lingua galega. Para acreditar este mérito deberase presentar o modelo de declaración responsable de utilización da lingua galega (2,5)	2,5	2,5	2,5	2,5	2,5	2,5	2,5	2,5

As X representan carencias de información que impiden valorar o criterio, polo que a efectos de puntuación equivalen a 0 puntos. Realizando o sumatorio, os proxectos presentados polas entidades solicitantes obterían os seguintes resultados numéricos:

- Real Coro Toxos e Froles: 76,5 puntos.
- Club de Prensa de Ferrol: 71,5 puntos.
- Asociación de Persoas Xordas de Ferrolterra: 89 puntos
- Asociación Musical Sonsdodía: 64,5 puntos
- Asociación Sociocultural Muíño do Vento: 93 puntos
- Organización Juvenil Española: 71,5 puntos
- Asociación Sociocultural ASCM: 74,5 puntos
- Sociedade Cultural Columba: 66,5 puntos

A suma destas puntuacións é de 607 puntos. Se dividimos os recursos económicos dispoñibles na convocatoria de subvención (51.000 €) polo sumatorio total de puntos (592), resultaría un valor/punto de 84,02 €. O resultado da multiplicación dos puntos obtidos por cada entidade e o valor/punto excede en todos os casos os importes solicitados como subvención ao Concello de Ferrol, polo cal propónse que se concedan os importes solicitados na súa integridade.

Análise por criterios

Analizando criterio por criterio, a puntuación das entidades respondeu aos seguintes razoamentos:

Criterio 1: Interese das actividades, coherencia técnica do proxecto e congruencia entre a programación e os obxectivos da convocatoria.

- Consideramos que todas as propostas presentan o máximo interese, son coherentes e encaixan nos obxectivos da convocatoria.

Criterio 2: Nivel de cobertura poboacional e interese social da iniciativa.

- Entendemos que a amplitude de destinatarios/as e o interese social son máximos no caso do Real Coro Toxos e Froles, Club de Prensa de Ferrol, Asociación de Persoas Xordas de

Ferrolterra, Asociación Sociocultural Muíño do Vento, Asociación Sociocultural ASCM e a Sociedade Cultural Columba, e que os proxectos presentados pola Asociación Musical Sonsdodía e da Organización Juvenil Española presentan interese social.

Criterio 3: Nivel de representatividade da asociación no seu territorio ou sector.

- Consideramos que Muíño do Vento e a Sociedade Cultural Columba teñen a máxima representatividade territorial, mentres que o Real Coro Toxos e Froles ten a máxima representatividade no sector da música e o baile tradicional galego, a Asociación Sociocultural ASCM e a Asociación de Persoas Xordas de Ferrolterra teñen a máxima representatividade entre os seus colectivos, e o Club de Prensa de Ferrol ten a máxima representatividade no gremio xornalístico da bisbarra. Por outra parte, entendemos que a Asociación Musical Sonsdodía e a Organización Juvenil Española dispoñen dunha representatividade intermedia nos eidos da música coral e da formación musical respectivamente.

Criterio 4: Grao de innovación do proxecto e déficit de actividades análogas no municipio.

- Outorgamos puntuacións intermedias a sete entidades por tratarse de actividades que presentan unha continuidade ao longo do tempo ou por haber iniciativas equiparables no territorio. A Asociación Sociocultural ASCM recibe unha valoración menor ás restantes entidades ao especificar con menor detalle as actividades a desenvolver.

Criterio 5: Capacidade de autoxestión da entidade e nivel de financiamento propio no seo do proxecto.

- Segundo se desprende da lectura dos proxectos, só a Organización Juvenil Española dispón dun cofinanciamento superior ao mínimo esixido na convocatoria (20%), motivo polo cal se lles concede a máxima puntuación. As restantes entidades acóllense ao mínimo cofinanciamento posible, pero dada a súa traxectoria, cunha contrastada capacidade de autoxestión, son valoradas cunha puntuación intermedia.

Criterio 6: Nivel de sostibilidade do proxecto no tempo.

- Neste criterio asignamos a máxima puntuación a todos os colectivos por tratarse de iniciativas consolidadas.

Criterio 7: Nivel de colaboración con outras entidades cidadás ou axentes sociais na execución do proxecto.

- Hai dúas entidades, Muíño do Vento e a Asociación de Persoas Xordas de Ferrolterra, que fan mención expresa á colaboración que manteñen con diversas entidades, polo cal reciben a máxima puntuación. Tamén a Organización Juvenil Española, o Club de Prensa de Ferrol, a Asociación Musical Sonsdodía e o Real Coro Toxos e Froles sinalan colaboración con terceiras entidades, só que en menor medida. As restantes asociacións non informan deste aspecto.

Criterio 8: Intercambio e participación activa das persoas socias para a execución do proxecto.

- Apreciamos un alto nivel de participación interna no caso da entidade Muíño do Vento. Fan mención expresa ao papel do voluntariado no seu funcionamento tanto a Asociación Sociocultural ASCM como a Asociación de Persoas Xordas de Ferrolterra. Informan da participación das persoas asociadas tanto o Real Coro Toxos e Froles como a Organización Juvenil Española. Nos restantes casos, non temos información para poder avaliar este criterio.

Criterio 9: Promoción da participación cidadá e dinamización comunitaria.

- Fan alusión á promoción deste principio as entidades Muíño do Vento, Asociación Sociocultural ASCM e Asociación de Persoas Xordas de Ferrolterra. Das restantes entidades non temos constancia.

Criterio 10: Perspectiva de xénero na formulación do proxecto e na difusión de resultados.

- Advírtese unha concepción central de xénero e liñas de traballo específicas no caso de Muíño do Vento. Pola súa parte, a Asociación de Persoas Xordas de Ferrolterra presenta un proxecto redactado desde unha linguaxe non sexista. Nos restantes casos non apreciamos unha particular atención a este principio.

Criterio 11: Ámbito poboacional ó que vai dirixido o proxecto.

- Cremos que este criterio se solapa parcialmente co número 2, polo cal entendemos que debера ser revisado cara futuras convocatorias. Ante a dúbida sobre o sentido diferencial deste apartado, asignamos a mesma puntuación (máxima) a todas as entidades.

Criterio 12: Promoción da extensión social da lingua galega ou do proceso de normalización lingüística como obxectivo de proxecto.

- Todos os proxectos están redactados en lingua galega pero só Muíño de Vento propón accións específicas nesta materia.

Criterio 13: Existencia de documentación oficial da entidade (estatutos, proxectos, orzamentos, certificados), así como documentos habituais de comunicación da asociación (actas, publicidade, circulares, etc.) en lingua galega. Para acreditar este mérito deberase presentar o modelo de declaración responsable de utilización da lingua galega.

- Todas as entidades presentaron un modelo de declaración responsable de utilización da lingua galega na súa documentación, polo cal se lles outorgou a máxima puntuación. “

As bases reguladoras deste programa de subvencións establecen unha previa valoración e proposta dunha comisión avaliadora, cuxa composición determinan as propias bases.

Convocada a dita comisión, celebrou a súa sesión o 12.12.22, mostrando conformidade á proposta resultante do informe técnico, a cal se concreta na seguinte tabla

NOME	NIF/CIF	IMPORTE DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA	ANTICIPO DO 50 % (base 5,3)	COEFICIENTE DE FINANCIAMENTO	IMPORTE A XUSTIFICAR
CLUB DE PRENSA DE FERROL	G15123151	2.960 €	1.480 €	80%	3.700 €
REAL CORO “TOXOS E FROLES”	G15038300	2.800 €	1.400 €	80%	3.500 €
ASOCIACIÓN PERSOAS XORDAS FERROLTERRA	G15121676	4.800 €	2.400 €	80%	6.000 €
ASOCIACIÓN MUSICAL SONSDODIA (CORO DIAPASON)	G70352067	2.000 €	1.000 €	80%	2.500 €
ASOCIACIÓN CULTURAL MUIÑO DO VENTO	G70359443	1.840 €	920 €	80%	2.300 €
ORGANIZACIÓN JUVENIL ESPAÑOLA	G28556728	1.412,80 €	706,4 €	44 %	3.266 €
ASOCIACIÓN SOCIOCULTURAL ASCM	G15161573	6.000 €	3.000 €	80 %	7.500 €
SOCIEDADE CULTURAL COLUMBA	G15592496	2.400 €	1.200 €	80 %	3.000 €

Período de audiencia (base décima): aplicación do disposto no artigo 82.4 da Lei 39/2015 reguladora do procedemento administrativo común das Administracións públicas

O citado precepto establece que se poderá prescindir do trámite de audiencia cando non figure no procedemento, nin sexan tidos en conta na resolución outros feitos ou alegacións que as presentadas polo propio interesado.

No presente suposto, se ben existe un documento distinto ó presentado polos solicitantes (informe elaborado polo técnico de cultura), o certo é que este informe ratifica totalmente as solicitudes das entidades concorrentes:

- confirmo a idoneidade das memorias e solicitudes presentadas en relación os obxectivos das bases
- determina que procede asignar a cada unha das entidades idéntica cantidade á solicitada polos mesmos

Resulta polo tanto de aplicación o citado precepto, tanto atendendo á redacción do mesmo como atendendo a súa finalidade: supresión dos trámites impostos en defensa dos intereses dos solicitantes cando ditos intereses resultan plenamente salvagardados, devindo o trámite como unha mera formalidade.

Observación realizada pola Intervención relativa á base 3.2.1: Exclusión para este programa de actividades subvencionadas por outros plans do Concello de Ferrol

A Intervención ven advertindo da limitación refrexada na citada base, observando incongruencias en canto a tramitación de memorias e xustificacións, atendendo ó contido da mesma.

Analizada esta cuestión evidenciase que existe unha fragante contradicción coa redacción dada á base 5.4, a cal afirma a compatibilidade de este programa con calquera outra subvención ou axuda pública.

Esta contradicción obriga a un labor interpretativa de ambos preceptos, de maneira que se poidan integrar.

Toda interpretación ten que axustarse a dúas premisas: unha de carácter puramente lexislativo (art. 3.1 do Código Civil) e outra de carácter xurisprudencial, toda vez que o Tribunal Supremo consolidou o principio *in dubio pro administrado*.

Atendendo a ambas premisas, a xuicio desta xefatura, debe de prevalecer a redacción da base 5.4 párrafo II respecto á base 3.2.1: atendendo ó contexto e os antecedentes nos que se dictan ditas bases (criterios esixidos polo Código Civil) evidénciase unha compatibilidade nesta Administración para os distintos programas de subvencións. Por outra parte é incuestionable que ambas bases poden inducir a un error ós administrados ó refrexar premisas totalmente opostas, polo que -na súa interpretación- haberá que optar pola que resulte máis beneficiosa para os administrados: a aceptación da compatibilidade.

En todo caso as futuras bases e convenios axustaránse á redacción que deriva da interpretación antes proposta.

Cuestión xerais

- Atendendo á información obrante na área de cultura as entidades obxecto de proposta cumpren tódolos requisitos necesarios para acceder ás subvencións obxecto do expediente.
- As entidades beneficiarias, atendendo á información recibida, atópanse ó corrente das súas obrigas tributarias có concello, AEAT e SS, non se atopan incursas en prohibición para obter subvencións, e non teñen pendentes de xustificar ou reintegrar ningunha subvención outorgada polo concello, transcorrido o prazo para facelo.

Por todo o anterior, e de conformidade coa base 10, propónse ao Concelleiro delegado de Cultura, Educación, Universidade, Deportes e Festas:

Primeiro.-Asignar a seguinte puntuación ás propostas presentadas:

CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ENTIDADES							
	TOXOS	PRENSA	APXF	SONS	MUÍÑO	OJE	ASCM	COLUMBA
Interese das actividades, coherencia técnica do proxecto e congruencia entre a programación e os obxectivos da convocatoria (20)	20	20	20	20	20	20	20	20
Nivel de cobertura poboacional e interese social da iniciativa (10)	10	10	10	5	10	5	10	10
Nivel de representatividade da asociación no seu territorio ou sector (5)	5	5	5	3	5	3	5	5
Grao de innovación do proxecto e déficit de actividades análogas no municipio (10)	5	5	5	5	5	5	3	5
Capacidade de autoxestión da entidade e nivel de financiamento propio no seo do proxecto (5)	3	3	3	3	3	5	3	3
Nivel de sostibilidade do proxecto no tempo (15)	15	15	15	15	15	15	15	15
Nivel de colaboración con outras entidades cidadás ou axentes sociais na execución do proxecto (10)	5	5	10	5	10	5	X	X
Intercambio e participación activa das persoas socias para a execución do proxecto (5)	5	X	5	X	5	5	5	X
Promoción da participación cidadá e dinamización comunitaria (5)	X	X	5	X	5	X	5	X
Perspectiva de xénero na formulación do proxecto e na difusión de resultados (5)	X	X	2,5	X	5	X	X	X
Ambito poboacional ó que vai dirixido o proxecto (5)	5	5	5	5	5	5	5	5
Promoción da extensión social da lingua galega ou do proceso de normalización lingüística como obxectivo de proxecto (2,5)	1	1	1	1	2,5	1	1	1
Existencia de documentación oficial da entidade (estatutos, proxectos, orzamentos, certificados), así como documentos habituais de comunicación da asociación (actas, publicidade, circulares, etc.) en lingua galega. Para acreditar este mérito deberase presentar o modelo de declaración responsable de utilización da lingua galega (2,5)	2,5	2,5	2,5	2,5	2,5	2,5	2,5	2,5

Segundo.- Adxudicar as seguintes subvencións ás Asociacións Culturais de Ferrol que de seguido se relacionan, ao abeiro da convocatoria pública de subvencións para a promoción e fomento da cultura para o ano 2022, en réxime de concorrencia:

Adxudicatarios:

NOME	NIF/CIF	IMPORTE DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA	ANTICIPO DO 50 % (base 5,3)	COEFICIENTE DE FINANCIAMENTO	IMPORTE A XUSTIFICAR
CLUB DE PRENSA DE FERROL	G15123151	2.960 €	1.480 €	80%	3.700 €
REAL CORO "TOXOS E FROLES"	G15038300	2.800 €	1.400 €	80%	3.500 €
ASOCIACIÓN PERSOAS XORDAS FERROLTERRA	G15121676	4.800 €	2.400 €	80%	6.000 €
ASOCIACIÓN MUSICAL SONSDODIA (CORO DIAPASON)	G70352067	2.000 €	1.000 €	80%	2.500 €
ASOCIACIÓN CULTURAL MUIÑO DO VENTO	G70359443	1.840 €	920 €	80%	2.300 €
ORGANIZACIÓN JUVENIL ESPAÑOLA	G28556728	1.412,80 €	706,4 €	44 %	3.266 €
ASOCIACIÓN SOCIOCULTURAL ASCM	G15161573	6.000 €	3.000 €	80 %	7.500 €
SOCIEDADE CULTURAL COLUMBA	G15592496	2.400 €	1.200 €	80 %	3.000 €

Dito gasto será imputado ó RC 222106251 con ref: 2013

Tercero.- Aboar a cada unha das entidades un anticipo de pago do 50% do importe total adxudicado segundo a base 5.3 sendo o importe o seguinte:

NOME	NIF/CIF	ANTICIPO DO 50 % (base 5,3)
CLUB DE PRENSA DE FERROL	G15123151	1.480 €
REAL CORO "TOXOS E FROLES"	G15038300	1.400 €
ASOCIACIÓN PERSOAS XORDAS FERROLTERRA	G15121676	2.400 €
ASOCIACIÓN MUSICAL SONSDODIA (CORO DIAPASON)	G70352067	1.000 €
ASOCIACIÓN CULTURAL MUIÑO DO VENTO	G70359443	920 €
ORGANIZACIÓN JUVENIL ESPAÑOLA	G28556728	706,4 €
ASOCIACIÓN SOCIOCULTURAL ASCM	G15161573	3.000 €
SOCIEDADE CULTURAL COLUMBA	G15592496	1.200 €

E tendo en conta a documentación que o acompaña, así como o informe favorable de Intervención.

Decreto.- Examinei a anterior proposta e apróboa nos seus propios termos”

Comunicollo a Vde. para o seu coñecemento e efectos, facéndolle saber que a presente resolución pon fin á vía administrativa e contra ela poderá interpoñer o recurso potestativo de reposición ante o órgano que a dictou dentro do prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación, de conformidade co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas. Todo isto, sen prexuízo da posibilidade de interpoñer directamente o recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo, dentro do prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da notificación desta resolución e na forma prevista no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso Administrativa (BOE 14.07.1998).

Poderá utilizar calquera outro recurso que estime conveniente.

Ferrol,

O Secretario Xeral